

MANUEL OUTEIRIÑO: *O HUMOR POLÍTICO DE RISCO*

(*Estudo introdutorio á edición facsímile d'O Porco de pé promovida pola Fundación Vicente Risco co gallo do 80 cabodano da súa primeira edición*)

O mesmo ano en que se editou *O Porco de pé*, Risco escribiu no primeiro dos artigos publicados n'*A Nosa Terra* so o título “Políteca do noso tempo”: “A políteca é un deber, é un imperativo categórico que obriga a todos, como obriga a obediencia á lei xusta de orde xurídico ou moral”. Na segunda entrega de “Políteca do noso tempo”, publicada tamén en 1928, Risco criticaba o fascismo en palabras que nos poden axudar a elucida-la sátira da ditadura de Primo de Rivera que é *O porco de pé*: “En Mussolini, por eixemplo, non se trata propiamente da Nación, senón do Estado: o fascismo non é tanto o sentimento da patria italiana, que decía hai pouco nunha carta Ettore de Zuani, senón máis o sentimento da *posesión do poder público* (imperialismo) por un partido; a Francia de Maurras é unha gran potencia imperial e colonial. Eso non é nazionalismo, ó menos, tal e como nós o tentendemos”. Palabras coma estas amosan o sarcasmo de Risco nas instrucións que o Conde –transfiguración inequívoca de José Calvo Sotelo, que tiña acta de deputado polo distrito do Carballiño- da ó fillo n'*O porco de pé* para que se poña ó servizo “dos amigos, do Partido, da Monarquía e da Patria”. Palabras coma estas amosan que en 1928 Vicente Risco estaba farto da ditadura de Primo e actúaaba contra ela con claridade argumental nos artigos d'*A nosa terra* e con inmenso vigor emotivo e simbólico na sátira que é *O porco de pé*. O autor de *Teoría do Nacionalismo Galego*, escribiu tamén nun daqueles artigos d'*A nosa terra*: “o feito actual da hipertofia do Poder executivo en perxuizo da democracia e dos dereitos do home, non pasa de ser un feito, feito sen xustificazón doutriñal e xurídica.”

N'*O Porco de pé*, Don Celidonio, gramófono do Conde, é parte daquela “sabia organización telecrática” que ten o seu punto feble no distrito de Solveira. Celidonio, perosanxe típico en situación típica, é a caricatura de calquera cacique ó servizo de José Calvo Sotelo, político que se adaptou

vantaxosamente á ditadura de Primo de Rivera, igual ca Don Celidonio se adapta á ditadura na novela de Risco.

N’*O Porco de pé* aparece unhas cantas veces o artigo 29. Poño por caso cando o doutor Alveiros, resentido co fillo do Conde, que aparece para facer campaña electoral polo distrito de Solveira, di: “Il roubar, rouboume a moza; mais polo menos o artículo 29, revéntollo!”. Tamén na páxina 102 pon: “había que gaña-lo distrito polo 29”. O tal artigo 29 é o da lei electoral de 1907, ou lei Maura, e dispuña que cando só se presentaba un candidato nun distrito non había eleccións. Para presentar candidatura había que xuntar sinaturas e os caciques, como ben souberon Risco e os galeguistas, actuaban decote para que só unha lista tivese dabondo. É posible que a expresión “o carallo vintenove” veña das estratexias caciquís debidas ó artigo 29 da lei electoral de Maura.

Risco satirizou non só as prácticas da política electoral absentista e centralista, senón tamén as “ideas oficiais españolas” que as gornecían: “En verdade as ideas de Ramiro de Maeztu, en resumidas contas, viñan ser as mesmas de D. Celidonio”. Maeztu era unha pesimista católico e tradicionalista radical. Portavoz da política dereitista, defendeu a ditadura de Primo, dirixiu a revista antirrepublicana *Acción Española* e foi deputado monárquico. Risco fai escarnio da noción do “senso reverencial do diñeiro” de Maeztu, a quen tamén criticara en *Las tinieblas de Occidente* por identificar o reino de Deus co Estado e polo seu pietismo. Ridiculizando a doutrina de Maeztu, di Risco (p. 146): “Nela, como na outra, moitos son os chamados e poucos os escollidos, mais nela está a salvación de todos, como demostra a doutrina de Maeztu, á que poidéramos chamar *O senso socialista do capitalismo*. Do capitalismo que está chamado a salvar ao mundo da crise que ameazaba o capital”. A ironía de Risco, que parodia a doutrina cristiá no que non deixa de parecer homenaxe ó *Catecismo do labrego* de Lamas, describe ben un dos aspectos do fascismo, que aínda se ía intensificar máis no caso alemán despois da crise financeira de 1929.

N’*O porco de pé* Risco satirizou o continuísmo entre a política parlamentaria telecrática e os órganos políticos da ditadura na que aparecen

os mesmos personaxes filisteos que din ocuparse dos intereses públicos. En carta a Antón Losada Diéguez de outono de 1923, resgatada por Xusto Beramendi na súa *Historia do galeguismo político*, Risco cualificaba a ditadura de Primo de “acontecemento vulgar” e dicía: “Levamos avanzado tanto ideolóxicamente [...] que agora unha xestión cerca do Directorio militar podería parecer a moitos unha claudicación, ou polo menos unha reitificación de principios”. En xaneiro do vinte e catro, a principios da ditadura, Risco era concelleiro e deputado provincial, logo de aceptala estratexia de cooperación proposta por Losada Diéguez, da que debeu fartarse ben logo, á vista do que escribiu tanto en “Políteca do noso tempo” como n’*O porco de pé*. Con efecto, Risco dimitiu dos cargos de concelleiro e deputado provincial o 24 de marzo de 1925.

O goberno ditatorial de Primo é obxecto de crítica inequívoca n’*O Porco de Pé*, como amosan as palabras do enxeñeiro da Deputación que lle descubrira Madrid - un Madrid que parece Babilonia - ó marrauciño rampante: “Eiquí non hai máis programa que o do goberno, pois a raza ten que recobrar a virilidade, e imos criar conciencia.”

A SÁTIRA NOS TEMPOS DE JOYCE E A CRISE DO REALISMO

Risco non fixo nesta obra literatura de bo ton, senón sátira. Caracterízase a sátira pola variedade estilística e temática, polo emprego abondoso da lingua coloquial, a intromisión frecuente da personalidade do autor, o uso do humor e maila ironía, a obscenidade, o ton de improvisación, as alusións tópicas e a intención xeral de corrixir a sociedade. Por outra parte, a esencia da sátira consiste en dicir, entre risos, a verdade. É o que fixo Risco n’*O porco de pé*: *ridentem dicere verum*.

Risco amosou que o argumento d’*O porco de pé* non lle importaba moito, pois non é propio da sátira ter estrutura xeral coherente ou forma harmónica. *O porco* é unha sátira tipificadora e o autor, xogando coa complicidade ou coñecemento compartido dos lectores, bota man do *Deus ex Machina* para desencadeala acción. Ora ben, na sátira de Risco o *Deus ex*

machina é o Demo e non aparece para solucionar, senón para complicar as cousas. Risco ironiza sobre o seu recurso narrativo nas páxinas 96 e 97:

Por moito que pareza pol-a lectura d'esta historia, que non hai aición sen axente nen vieiro sen motivación, algo hai que deixarlle sempre á casualidade, sen a que non habería novelas. Anque non sexa mais que pra pórmonos a ben cons afeizoados á reaición clasicista –que son os d'avanguardia e veñen pegando- compre que lle concedamos un rol nos nosos escritos a aquil deus abismal cego, xordo e mudo, de quen aseguran qu'os gregos faguían o motor das suas traxedias. Eso da Hélade seica é unha cousa moi seria e pol-o sí pol-o non, mais val pecar por carta de mais que por carta de menos, por unha miga de fariña que non quede o caldo raro, e amigos todos.

A sátira de Risco verbo de Don Celidonio amosa que as orixes son bochornosas para os que viven atrapados en fantasías exóticas sobre como se inventaron eles propios. Risco fala n' *O porco de pé* da xinea do sistema político colonial de Galicia, un sistema político dependente e corrupto que tamén apreciara no caso da India, cando fixo crítica dos babús nas suas consideracións sobre Tagore, alá por 1913, no Ateneo de Madrid. A crítica de Risco é inequívocamente nacionalista.

David Hume, advertiu que, se indagamos nas orixes das nacións, atoparemos rebelión e usurpación: “Só o tempo confire validez ó dereito dos gobernantes; así, operando pouco e pouco sobre a mente dos homes, vains reconciliando coa autoridade, facendo que lles pareza xusta e razoable”. Tamén o reaccionario Joseph de Maistre, a quen Risco citou abondosamente - poño por caso, en *Las tinieblas de Occidente* -, dicía que debe ocultarse a toda costa a violencia existente nos alicerces do Estado, e opinaba que o

poder político só sobreviviría se as súas orixes se mantiñan envoltas no misterio.

As ideas máis simplistas verbo da harmonía social adoitan ser froito do esquecemento, cando non son resultado da represión. Sabíao ben o Risco que escribiu en *Las tinieblas de Occidente*: “El consentimiento de los ciudadanos es una presunción *juris et jure*, es decir, una ficción. Para nosotros prueba más: prueba que el Estado es algo que existe contra derecho, es antijurídico”. Non dicía cousa moi diferente Noam Chomsky no seu ensaio “Consentimento sen consentimiento: Teoría e práctica da democracia”, publicado n’*A trabe de ouro*.

Don Celidonio, personaxe típico en situación típica, como diría Engels, é da segunda xeración dunha caste de comerciantes foráneos en mobilidade social ascendente. Di Risco: “Os comerciantes paseaban, ó mellor, co presidente da Audiencia”. Ofrécenos logo unha imaxe do mundo colonial, da “comprador bourgeoisie” que analizou moi ben, poño por caso, Philip Curtin no seu libro sobre o comercio transcultural na historia mundial.

Baldomero, o sogro de don Celidonio, foi un home miserento: “Toda a vida fora un raña...morreu aforrando”. Don Celidonio ten “ideas políticas, chistera e accións en Bancos e compañías”. Risco critica logo a orixe do capital de don Celidonio, que é “le mal bouffe”, a comida lixo que aínda hai pouco era obxecto das manifestacións e pedagogía política do noso Joseph Bové. Por outra parte, os “envenenadores de Chicago” do Risco non andan moi lonxe do “Karfioltrust” ou “Trust da Verza” co que pouco despois de se escribir *O porco de pé* ía alegorizar Bertolt Brecht en *A parable ascensión de Arturo Ui*.

Na época de *Ulysses*, de Joyce, a epopea burguesa xa se convertera en parodias da epopea. Tal é o caso d’*O porco de pé*. Ben é certo que, na obra de Risco, a parodia da epopea amósase máis explicitamente n’*Os europeos en Abrantes: epopea en prosa*.

Terry Eagleton dixo en *Holy Terror* que a razón fundamental da parodia da epopea nos tempos de *Ulysses* e *O porco de pé* é que “á literatura

da modernidade de clase media resúltalle difícil representa-las auténticas forzas materiais ás que debe a súa existencia. Débese isto en grande medida a que as devanditas forzas resultaban ó tempo sórdidas e innobles de máis para elaborar un relato da imaxinación”. Na sátira de Risco as forzas materiais amósanse nas palabras da Nicasia, muller de D. Celidonio, na p. 114: “Eu son máis qu’íles, porque teño cartos, e teño cartos, e teño cartos, e s’eu quero fago Diputado ó Dr. Alveiros, e Ministro, e Papa”.

Anxo Tarrío apuntou a coherencia do pensamento de Vicente Risco dentro do proceso de descolonización cultural que se marcou dende a súa entrada no galeguismo. Tamén apuntou o afastamento de Risco do realismo nesta sátira de 1928. O afastamento do realismo é máis un síntoma do valor literario da obra de Risco, da súa concepción moderna e problemática da representación e da forma literaria. Fredric Jameson indicou nun ensaio verbo de *Rimbaud e o texto espacial* que “a idea da unificación da forma, en arte, é intimamente interdependente da intelixibilidade inmanente da vida social, quere dicir, é intimamente interdependente da persistencia de certas totalidades sociais locais. A posibilidade do realismo estará logo intimamente relacionada coa persistencia de certo tipo de existencia comunitaria, na que a experiencia do individuo aínda non está totalmente fendida polos mecanismos socio-económicos: é un tipo de sociedade, logo, que podería describirse apresuradamente en termos da retórica da transparencia. Aquí a intelixibilidade significa que a experiencia dun individuo determinado aínda é capaz de expresar a estrutura da vida social propiamente dita: de xeito que a narración “realista” do destino dos personaxes individuais mantén certo valor epistemolóxico e aínda é capaz, segundo as leis e a lóxica da narración, de expresar algo da verdade interna da propia vida social”. Engadía Jameson: “A crise do realismo pode, logo, teorizarse ou modelarse do xeito seguinte: a xeito de fenda entre a experiencia individual e fenomenolóxica e a intelixibilidade estrutural”. N’*O porco de pé* é doado apreciar, no soño de don Celidonio e en moitas outras pasaxes, que hai unha fenda entre a súa experiencia e a intelixibilidade estrutural. Unha das claves da fenda entre experiencia individual e

intelixibilidade estrutural da conducta de moitos personaxes - non só de don Celidonio - é a crise da totalidade social local que na novela de Risco se simboliza por medio dunha cidade mundial ou unha “Barcelona mundial” chea de sindicalistas armados.

Tamén no ensaio sobre *Rimbaud e o texto espacial*, facía Jameson unha observación sobre a mentalidade moderna que pode axudarnos a entede-los catálogos satíricos e as parodias dos discursos formularios que tan frecuentes son n’*O porco de pé*:

A noción de compartimentación da mente en experiencia e coñecemento é só parte dunha fragmentación psíquica inmensa, dunha especialización ou división do traballo de varias funcións mentais segundo os sentidos separados, a sexualidade, a racionalidade, a numeración e cousas parecidas e esa mesma fragmentación (que ás veces, seguindo a Lukács, chamo reificación) é de seu unha parte historicamente orixinal do proceso que tento describir, secomasí é evidentemente o análogo da taylorización do proceso de traballo durante ese mesmo período.

A CULTURA DA ÉPOCA

Pedrayo, no ensaio *A novelística de Vicente Risco*, escribiu:

Cada páxina das novelas e dos esquemas de novelas de Risco reflexa a visión e o desacougo do ensaísta político, coas súas loitas, os seus métodos de polémica e os hábitos do investigador da cultura popular, enfeitizado na descrición dos menores ouxetos e na súa coordinación de relacións.

E engadía o de Trasalba:

Os Europeos en Abrantes e *O porco de pé* desenvolven críticas duras, envolteitas en humorismo, dunha situación contraria e imposta de xeito trabucado ou parasitario sobre da auténtica Galicia.

Por outra parte, Pedrayo apuntaba que *O porco de pé* marcou tamén unha etapa no camiño do escritor, pois “Cumpríalle desentendérese dun problema amolado, da súa teima”. *O porco* é logo crítica e exorcismo da banalidade, obra de madurez do Risco galeguista e, tamén, a primeira novela moderna galega, como indicaron Xoan González Millán e Dolores Vilavedra.

N’*O porco de pé*, Risco non só satirizou a vida política durante a Ditadura de Primo, senón tamén a vida social e cultural dos anos vinte. O mesmo fixo, dous anos máis tarde, Wyndham Lewis en *The Apes of God*. O primeiro autor que se cita n’*O porco de pé* é Karl Marx, por mor da teoría da acumulación da plusvalía. Ó rego disto, Risco ironiza sobre as concepcións liñais da historia e a inevitabilidade do comunismo. É a primeira das moitas ironías a respecto do desaxuste entre ideario e comportamento, entre o ideal e o tristemente real, que Risco expresou de xeito semellante a de H. G. Wells n’*A máquina do tempo*. O inglés escribiu:

E tamén está o futuro –dixo o home novo-,
Imaxinen!, un pode investir todo o seu diñeiro,
deixalo para que produza xuros, e saltar todo ese
tempo! Para descubrir unha sociedade-dixen eu-
erixida nunha base estritamente comunista!

Risco, nas primeiras páxinas d’*O porco de pé*, escribiu:

A cousa non ten volta: o señor Daniel das Airas fixo os cartos que tiña cos réditos, coas hipotecas e cos pautos de retro; o seu fillo, o Samuel, fíxoos medrar polo mesmo procedemento; así foi coma se fixo coa fábrica e coas minas. O neto, o Aser, é comunista. O pai e máis o abó non fixeron mais que preparar o advenimento do comunismo. Si tarda moito en vir, o Aser seguirá cos preparativos.

A sátira de Risco, na que aparecen os Morlocks d'*A máquina do tempo*, diríxese ós discursos e prácticas dos partidos centralistas (e, xa andada, tamén ironiza sobre as ilusións dos agraristas). O mesmo Risco que en 1928 sintetizou o ideario galeguista nos cinco artigos de impecable argumentación demócrata titulados “Políteca do noso tempo” escribiu, cambiando o rigor argumentativo pola fruición satírica, n'*O Porco de pé*: “As ideas, os conceptos lóxicos, estiran i encollen, de modo e maneira que consiste en estarricalos ben para chegar onde a un lle conveña”. Un ano despois da publicación d'*O porco de pé*, Karl Mannheim apuntou no libro *Ideoloxía e utopía* (1929) que a forma fascista de trata-lo problema das relacións entre teoría e práctica consiste en denunciar que todo pensamento é ilusión. Coido que Risco, con duro sarcasmo, satiriza tamén esta concepción fascista do desaxuste entre teoría e práctica:

O contrario do que se pensa é sempre certo, é todo isto que semella contraditorio si nel non houbera contradicción. Todo o que non seña esto, é pensamento vulgar (p. 73)

O Porco de pé satiriza as correntes intelectuais dominantes da época, o que Pierre Bourdieu denominou *doxa*, o que Risco chamara “os filósofos oficiais”. Poño por caso que ó expo-las dúas regras metódicas da filosofía de

Xaquín Gondulfes, Risco ironizaba, na súa novela de 1928, sobre un libro ó tempo recién publicado de A. N. Whitehead, *A ciencia e o mundo moderno* (1926) Decía alí o inglés que a máis grande descuberta do século XIX fora a invención do método de inventar. Whitehead non expuxo polo miúdo ese método mais, sexa como for, mantiña que o tal método é, dito moi redutivamente, a técnica de comezar pola fin calquera operación e de ir traballando cara atrás dende esa parte deica ó principio. Alén da sátira do método analítico de Whitehead, na segunda regra do método de Gondulfes (“Apricar á filosofía o tecnicismo do sport e da hixiene”) podería advertirse certa ironía dirixida á filosofía política de Ortega, que se permitiu ensaios coma o d’*A orixe deportiva do estado* e que xa fora obxecto da crítica de Risco nun dos textos resgatados xunto con *Las tinieblas de Occidente*.

Nunha das súas ironías sobre o intelectualismo dos filósofos oficiais, Risco parodia a precisión de Leibniz sobre o principio dos escolásticos aristotélicos que di *nihil est in intellectu quod prius non fuerit in sensu*. Nos *Novos ensaios sobre o entendemento humano* Leibniz, criticando a noción da mente a xeito de tabula rasa de Locke, reformulou a cuestión así: *Nihil est in intellectu, quod non fuerit in sensu, excipe: nisi ipse intellectus*. Na páxina 71 d’*O porco de pé*, Risco parodia os *Novos ensaios sobre o entendemento o humano* de Leibniz:

Mais como, si non hai ren no entendemento qu’enantes non estivera nos sentidos, hai polo menos o mesmo entendemento, e o que se pensa, anque non seña ren fora do pensamento qu’o pensa, é independente do mesmo pensamento qu’o pensa e de ser pensado pol-o pensamento as cousas consisten na consistidura e a consistiruda é a que lle busca o filósofo, com’os cinco pés do gato, e os filósofos d’iste xeito é seguro que llos encontran.

O humor de Risco na exposición de tópicos filosóficos non é alleo ó de Laurence Sterne nas primeiras paxinas do *Tristram Shandy*, no que en moitas pasaxes se quixo advertir unha parodia da doutrina da asociación de ideas exposta no *Ensaio verbo do entendemento humano* de John Locke. A relación entre Sterne e Risco testemuñouna Alvaro Cunqueiro no artiguiño “Actualidade de Vicente Risco”, recompilado por Galaxia no volume *Ensaíos*. Dicia Cunqueiro:

En *O porco de pé* hai quizabes algunha influencia de Joyce -¿el non escribiu o propio Risco un *Dedalus en Compostela*-, pero quizabes viña de máis lonxe, dun Sterne, por exemplo, que Risco leu e fixo ler a algúns, entre os que se conta o autor destas liñas.

Pouco antes de presenta-lo método do profundador Xaquín Godulfes que parodia o método científicos Whitehead e filosofía política de Ortega, o texto de Risco fai homenaxe intertextual á noveliña satírica de Alfonso Magariños *O filósofo de Tamarica*. Coido que a referencia intertextual de Risco non só amosa a intención de promociona-la novela do avogado estradense, tamén proba o afán de sistematicidade do director literario da revista *Nós*. Ó mencionar *O filósofo de Tamarica* Risco apuntaba non só outra sátira de posición política semellante á súa, senón tamén a intención de ir demarcando o que, gracias a Antón Figueroa, vimos chamando o sistema literario galego.

Por outra banda, alén da sátira da esfera pública local e estatal, a novela apunta algúnhas referencias internacionais. Na páxina 136 menciónase a revolución en China, quizais en referencia á sublevación comunista de Shangai, a que contou André Malraux na novela *A condición humana*, ou quizais remitindo á toma de Pekín e á constitución do goberno nacional Chiang Kai Chek, que acontecera no mesmo ano cá edición d’*O Porco de pé*. Menciónase tamén a Plutarco Elías Calles, presidente de

México de 1924 a 1928, anticlerical que favoreceu as reformas agrarias, a organización dos obreiros e a instrucción pública.

ACTUALIDADE D'Ó PORCO

Algunhas ironías de Risco sobre o seu tempo parecen mante-la actualidade. Poño por caso, cando o fillo do conde fala no mitin mantén “que a política liberal era a preparación do camiño para todos aqueles fermosos ideais” e engade que “Como mozo que era, quería ir il decote o primeiro na avangarda do camiño do Progreso e da Civilización...”

Non só as vagas, ou cínicas, invocacións á política liberal parecen actuais, tamén a descrición do que agora chamamos globalización da prensa aparece na descrición dos xornais que Alveiros vai ler ó casino. Lemos na páxina (144) que os xornais combinaban “Rápidas de escritores locais, e artigos de fondo da superproducción estandarizada da Prensa Asociada. En realidade era prodixoso aquil xornal que surtía a cotío feito e dereito, sen a máis pequena intervención do Director nin de ningún dos redatores”. Na altura de hoxe, ben podemos dicir que o prodixoso xornal que le o doutor Alveiros é un precedente inequívoco do que Jacques Derrida chamou “comunicación autómatas” e “artefactualidade” no libro *Échographies de la télévision*. Do xornal que le o Alveiros dísenos tamén “Aquil día, catro das seis páxinas viñan inteiramente adicadas a D. Celidonio.” A presenza desproporcionada de don Celidonio na prensa local é máis un caso do que Jean Baudrillard chamou nun congreso de 1990 *o efecto zoom*.

Non é alá moi difícil manter que na páxina 115 d'Ó *Porco de pé* expouse con claridade o que hai pouco Peter Sloterdijk chamou “o espazo interior mundial do capital”. Decía Risco: “Non esquezades que o fin do diñeiro é medrar, medrar a cotío, medrar sempre, ata encher o mundo, ata realizar o gran símbolo de Midas.” Unha páxina máis adiante (p. 116), escribiu o ourensán:

Efeitivamente, toda a produción mundial
pódese considerar moi ben, cun pouco de

maxinación, como unha grande empresa cooperativa cívica da que son socios tódolos homes do mundo. A división do traballo e as necesidades da orgaización, fan preciso que haxa socios xestores que teñan mandos cartos e dirixan o choio: veleiqué a importantísima, e utilísima e indispensable función social que realizan os capitalistas, e os que non o son lle non queren agradecer. Se non cometeu endexamáis, no que vai de historia, unha parella inxusticia. Hai que reparala; hai que soter a cooperación universal, e pra elo, compre soste o capitalismo.

As consideracións sobre os arqueólogos, os museos e a reificación do pasado que aparecen nas páxinas 179 e 180 non son moi distintas das de Tony Bennett no seu libro recente sobre *A invención do museo*. (Aínda que, ben é certo, parecen inspiradas no que se di das momias na carta de Fadrique Mendes a Oliveira Martins. O lector de Risco debe considerar con atención a *Corresponcia de Fadrique Mendes*, libro póstumo de Eça de Queiros editado en 1900, pois moi probablemente sexa a “Carta a Oliveira Martins” unha das inspiracións do doutor Alveiros que, antes de aparecer n’*O porco de pé*, presentárese os lectores galegos nunha noveliña de 1919: *D’o caso que lle aconteceu ó doutor Alveiros*).

Na páxina 81, o que se di da “cadeira de cálculo electoral” parece profético, pois aínda que non se crearon en Facultade de Dereito ningunha, hai cousas parecidas nas Facultades de Ciencias Políticas. O libro *Goza o teu síntoma* de Slavoj Zizek permitiríanos exculpar a moitos personaxes desta novela e mesmo reclama-la súa actualidade. Sexa como for, cando escribiu *O porco de pé*, Risco andaba *Á procura da política* no senso que lle deu a esta expresión Zygmunt Bauman, pois non atopaba nas institucións convencionais política satisfactoria. Risco andaba á procura da política, pois de certo non procuraba “a fin da política convencional”, segundo a

concepción leninista que expuxo moi ben David Held no seu libro sobre *Modelos de Democracia*.

N’*O Porco de pé*, o “escenario” decisivo da política é un comedor herméticamente pechado. O “comedor español herméticamente pechado” (p. 80), vén sendo un exemplo de reificación como ós que expuxo Jean Baudrillard na *Crítica da economía política do signo*. Neste caso, o mundo dos obxectos reificados exemplifica tamén a “reificación do nacional” que, igual cós rituais cívicos decimonónicos que estudaron Hobsbawm e Ranger nunha célebre recompilación sobre a invención das tradicións, é obxecto da sátira de Risco contra o filisteísmo. Cas de don Celidonio había “comedor español” antes ca “cuarto de baño”. Eran os tempos nos que Castelao dicía que en Galicia estaba por face-la revolución da auga.

Na sátira electoral de Risco, os agrarios son “os outros” e o sistema de goberno que desenvolve o conde por conta “dos outros” é moi semellante ó estudado por Michael Herzfeld para o caso do dominio político centralista da illa de Creta por conta dos “partidos rexionalistas que van rematar coa corrupción” no libro *Cultural Intimacy*, editando cando o século vinte estaba por rematar. Nisto, máis unha vez, Risco foi presciente ou, mellor, nisto podemos advertir que Risco diagnosticou unha forma de dominación que a nosa terra asoballada aínda está a padecer. Por veces, *O porco de pé*, parece unha novela actual. Que lle imos facer!

O HUMOR INCÓMODO DE RISCO

N’*O Porco de Pé* Risco non só dixiriu o seu humor agudo contra o seu tempo e entorno, senón tamén contra si.

Se temos que cre-la teoría psicanalítica da literatura de que o autor está un pouco en tódolos personaxes que inventa, podemos entender que o autorretrato irónico do Risco mozo non só é o doutor Alveiros. Na páxina 65, dísenos do Aser das Airas que, ás veces, levaba *monocle*. Exactamente igual có “autorretrato ideal” de V. Risco que se reproduciu ó principio do libro *Vicente Risco, o mestre sempre vivo*. Colléndolle prestadas as palabras a

Celso Emilio Ferreiro, podemos dicir que o Risco falounos de si aínda que lle doesen as escuras raíces dos seus soños.

Contra a fin a novela, na páxina 189, o desaxuste entre o mundo ideal e o material amósao Risco coa voz da criada que interrompe a Alveiros a lectura dun libro antigo da India. Anda o doutor Alveiros entre a sabiduría milenaria oriental, pretendidamente perenne, e a continua irrupción da sonosfera local (para o dicir có Sloterdijk) do orfeón, os foguetes e os *víttores*. Nesas, vén o demo poñerlle a man no homebreiro para convencelo de que participe nas honras de don Celidonio. Lemos, na páxina 194: “Com’outrora, o Demo falaba que daba xenio. Aquela era a verdade crúa, dita sen retóricas nin filosofías, fundamentada incommoviblemente nos datos inmediatos da conciencia, non tiña volta”. Nestas liñas Risco ironiza sobre un dos tópicos célebres de Henri Bergson, que un ano antes da publicación d’*Porco de pé* viña de recibirlo premio Nobel de literatura.

No *Ensaio sobre os datos inmediatos da conciencia*, escribiu Bergson: “A conciencia, atormentada por un desexo insaciable de distiguir, substitúe a realidade polo símbolo, ou non percibe a realidade máis ca a través do símbolo. Á vista de que o eu, así refractado, e polo mesmo subdividido, préstase infinitamente mellor ás esixencias da vida social en xeral a da linguaxe en particular, ela prefíreo e perde paulatinamente de vista o eu fundamental”. No menciona-la tónica de Bergson, o sarcasmo de Risco é considerable. O que acontece nas páxinas finais d’*O Porco* é que o eu fundamental do doutor Alveiros viría ser o “eu” manso, someso, que participa no ridículo ritual cívico de homenxe a don Celidonio. Alveiros Pecha a vida de Buda - que lle habería dar moitas cavilacións sobre o mundo das aparencias e a ilusión do eu - e vaise vestir de festa. Tamén é certo que na festa de don Celidonio as botinas de charón, que o mancaban un pouco, axudaban moito a sensación de realidade. Ten unha area no zapato, o Alveiros? As botinas de charón que o mancan e axudan moito á sensación de realidade poderían mesmo ser un metáfora da conciencia, infeliz e residual, do máis excéntrico dos personaxes de Risco. Sexa como for, o Alveiros que se anuncia ó principio da novela a xeito de antitético antagonista réndese a

Don Celidonio. Ben pode ser que Alveiros sexa unha figura na que o Risco galeguista satiriza as súas veleidades teosóficas de mozo, amais de ironizar sobre a súa inicial e curta colaboura coa dictadura.

Xosé Manuel Beiras escribiu no ensaio *Vicente Risco e nós*: “Moitos dos que len a Risco e se alporizan, en realidade non entenden a segunda lingoaxe tan propia do falar dos galegos, que desconcerta ós alleos e que Risco, como os millores e máis auténticos dos nosos escritores, adoitaba empregar a cotío”. Decía tamén Beiras:

O humor de Castelao, por exemplo, é humanísimo, aínda nos sarcasmos máis arrepiantes e atroces. O de Risco, en troques, moitos máis frío, máis agresivo, máis firente, menos inxenuo - máis incómodo.

Coido que Risco tamén dirixiu o seu humor incómodo contra si e, moito máis tenra e agarimosamente, contra o estilo literario de autores galegos cos que mantivo cordial amizade, como se pode apreciar no poema do Aser das Airas que nos lembra a Manuel Antonio (“e a Eclíptica é o muelle da cama/ onde dorme Brahma”, p. 69) e no romance da espada de Alveiros no que se aprecian moitos elementos, e mesmo un verso íntegro, de Ramón Cabanillas. Moito atinou o Beiras hai xa corenta anos: o humor de Risco é incómodo.

A sátira de Risco, dirixida contra a dictadura de Primo de Rivera, ten fins pedagóxicos. Na páxina trinta fala dos “tres ces” que desgovernan a libido de moitos: a ciencia, o capital, e o burato por onde escoa a civilización toda. Neste caso, e en moitos outros, podemos ver cómo é que a comicidade de Risco vén da súa capacidade de obxectivar. Non é de estrañar, logo, que na altura hoxe, nesta Galicia que segue tendo moito de colonia interna, algúns non lle queiran ve-la gracia a Risco. Sexa como for, sobre a comicidade a obxectivación, véxase o que escribiu Bergson (1900) en *Le rire*.

A novela de Risco obxectiva a fascinación centralista e o servilismo político de moitos e, a este respecto, segue a facer rir.

Na fin da novela, o narcisismo grupal do ritual cívico filisteo vese interrompido polo real. Hai lume. A biblioteca municipal arde como ardera a biblioteca municipal de Ourense, situada no primeiro andar do Instituto de Bacharelato, en 1927, moi pouco antes de que se publicase *O porco de pé*. Tamén é certo que o remate da novela de Risco alegoriza a negación do real, pois, malia o incendio, a música volve empezar. Non me ten dúbida que a novela de Risco pode lerse a xeito de alegoría nacional, de alegoría da negación da condición nacional de Galicia. Moitos aínda están nesas. Sexa como for, no que vai de tempos a tempos, os lectores actuais de Risco celebrarán a distancia coa que hoxe podemos ler estas páxinas de tempos difíciles, aqueles nos que Alfred Döblin usou tamén ocasionalmente a parodia de estilos antigos para amosarnos a severidade e o cinismo da vida urbana na Europa de fins dos vinte na que algúns chaman primeira novela alemana moderna: *Berlin Alexanderplatz*.

O humor de Risco, en 1928, coma o de Döblin en 1929, era un instrumento crítico, ou cítrico: *O porco de pé* é un libro amargo, delicioso e saudable, coma un limón.

FUNDACIÓN
VICENTE RISCO